



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA R E X I S T R O X E R A L	
ENTRADA N°	_____
SAÍDA N°	392
DATA:	28/07/2010

Presidencia

Santiago, a 29 de xullo de 2010

DON ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO
PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estimado Presidente:

Nos medios de comunicación do día de hoxe recóllense unhas declaracións, difundidas xa onte por algunhas axencias de noticias, nas que xunto coa súa valoración sobre a prohibición das *corridas de touros* en Cataluña aparecen tamén outras sobre a práctica da caza que literalmente veñen a transmitir á opinión pública o que podería entenderse que, desde a Presidencia da Xunta de Galicia, se está a abrir un debate sobre a legalidade e a conveniencia da práctica da actividade cinexética. Declaracións éstas que nos sorprenden enormemente a este colectivo, e, como entendo perfectamente que unhas declaracións xerais poden ser transcritas mesmo nalgúns casos fora de contexto, gustaríame, antes de facer ningún tipo de manifestación e valoración que se nos está a solicitar sobre este particular, coñecer realmente cal é o alcance e a intención das citadas declaracións.

Agardando as súas novas ao respecto, reciba un atento saúdo.

José María Gómez Cortón
Presidente